

NOTA DE PRENSA

“Vozes Contra a Violencia”.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2012.- O Segundo Encontro de “Vozes Contra a Violencia” organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebrarase no Pub “Ultramarinos” de Santiago de Compostela, local onde esas voces se van oír o día 29 de novembro ás 21.30 horas.

Esas voces contarán coas poetas:

Iolanda Aldrei

Rosa Henriquez

José Manuel Barbosa

Ro Palomera

Concha Rousia

A convocatoria queda aberta para outras voces tanto do mundo da poesía e a literatura como doutras artes creativas que queiran vir sumar a súa forza facendo oír a súa voz. Desde o noso Colexio sabemos da importancia que ten tratar ás persoas afectadas (tanto mulleres como ás súas fillas e fillos) por esta lacra que atravesamos a nosa sociedade. Para combater eficazmente o problema da violencia temos que ir á raíz que a alimenta; entón temos que ir ás ideas patriarcais que xustifican a existencia de desigualdades entre homes e mulleres nos distintos ámbitos da vida, persoal, familiar e social. Desde a psicoloxía sabemos tamén da importancia e necesidade de que se produzan mudanzas nas mentalidades, que son a raíz básica destes comportamentos, que están detrás desas actitudes de intolerancia e alimentan a violencia de xénero. Con ese fin queremos levar a voz á sociedade, convocar a sociedade para que alce, na medida que o vaia xulgando apropiado, esa voz e diga: “NON Á VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”.

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
www.copgalicia.es
copgalicia@cop.es